

COUSAS DE redondela

Revista de
información local
nº1 / 2010



**MAR LIBRE, MINISERIE
RODADA EN REDONDELA**
| 4

**ALDEAS INFANTILES SOS
GALICIA, ESPERANZA
PARA NENOS E MOZOS**
| 7

**REDONDELA
A VISTA DE VIADUCTOS**
| 12

**A ORIXE DA
FESTA DA COCA**
| 21





...porque toda
Celebración Especial
se merece un marco incomparable



Reuniones de Empresas | Congresos | Convenciones | Presentaciones | Grandes Eventos | Bodas | Bautizos | Homenajes

- Salones para 80 y 250 personas
- Menús Especiales para Empresas
- 6.000 m² de jardines
- Próximo al Aeropuerto
- Medios Audiovisuales
- Espacios para celebración de eventos tanto en días de sol como de lluvia
- Acceso desde la carretera
- Parking Privado para 75 vehículos
- Situado en Cedeira, a 4,5 kms. del peaje Vigo-Redondela

Un lugar para hacer de cada acontecimiento un momento inolvidable ...



ÍNDICE

4	EN CUBERTA
7	SOCIEDADE
12	REDONDELA
15	QUÉN E QUÉN NO RUEIRO
16	BREVES
20	AXENDA
21	TURISMO
22	DIRECTORIO

Nº 1/2010

Revista de información local
Xestión Publicidade: 981530200

Edita:
INICIATIVAS AUDIOVISUALES, S.L.
Rúa do Penedo, 1-baixo.
15706 Santiago de Compostela

Redacción:
QUATROYMEDIA COMUNICACIÓN

Fotografía:
Equipo, Agencia de Publicidad

Impresión:
IMPRENTA MUNDO

Depósito Legal:
C XXXX-2010

Distribución:
PUBLICITY

La empresa se reserva todos los derechos de la publicación, sin que pueda reproducirse total o parcialmente su contenido, sin el consentimiento previo de los editores.



MAR LIBRE

UNHA MINISERIE RODADA NO PAZO DE POUSADOURO

A COPRODUCCIÓN DA TVG NARRA UN ANACO DA HISTORIA DE GALICIA, DESCOÑECIDO PARA MOITOS, SITUADO A FINAIS DO SÉCULO XVIII NO CONTEXTO DA INDUSTRIA DA SALGA DO PEIXE NA COSTA GALEGA, CANDO UN HEROE DO POBO ENCABEZA UNHA LOITA POLA VIDA E A LIBERDADE.

Coproducida por Ficción Producciones e TVG e dirixida por Dani de la Torre, está íntegramente rodada en escenarios naturais da Illa de Sálvora, Caldebarcos, Redondela, Santiago ou Agolada, que foron elixidos como resultado dos traballos de investigación e documentación realizados para trasladar ao espectador coa maior veracidade ás condicións de vida dunha comunidade pesqueira en Galicia hai 250 anos. Escenarios reais e decorados naturais serviron de telón de fondo para rodar o telefilme e producir un relato épico coma nunca se producira antes en Galicia.

UN HEROE DO POBO ENCABEZA UNHA LOITA POLA VIDA E A LIBERDADE

A rodaxe prolongouse durante cinco semanas entre setembro e outubro de 2009, baixo o criterio de conservar a maior fidelidade histórica cos acontecementos que inspiran o guión, no que supuxo unha complexa rodaxe con coreografías de loita, secuencias a cabalo e destreza no manexo da espada.

A historia sitúase en 1789. Na costa de Galicia crece unha próspera industria de conserva de sardiña; os fomentadores cataláns, impulsores quince anos atrás, recollen o beneficio da súa visión de negocio. Pero un deles, Amadeo Curt, explota aos pescadores que traballan




para el, amasando cada vez máis fortuna e poder, a costa de practicar métodos de escravitude e extorsión. Os pescadores cansados e impotentes ante o tirano, non logran atopar unha saída á oprobiosa situación.

A chegada de Anxo Estrada, Capitán da Real Armada, quince anos despois da súa marcha do pobo por culpa do fomentador catalán, axudará aos seus veciños a iniciar unha revolta na que os pescadores loitarán pola súa dignidade, pola súa vida, pero, ante todo, pola liberdade.

O pazo do Pousadouro, a praia e a salgadura da Illa de Sávora ou o peirao son tan protagonistas como os propios personaxes. O pazo é a residencia familiar de Amadeo Curt e simboliza maxistralmente o contraste entre a vida acomodada e as formas despóticas deste, e os escasos recursos da comunidade de pescadores que traballaban para él, que finalmente foron quen de cambiar actitudes de sumisión por rebeldía.

Chea de acción, Mar libre é un clásico de aventuras, unha historia de amor no medio dunha revolución social derivada da chegada dos fomentadores cataláns ás rias galegas, con novas técnicas de pesca.

No reparto participa un actor redondelán, Jose Angel Egido, acompañado na película, entre outros, por William Miller, Luís Castro Zahera e María Vázquez.



JOSE ANGEL EGIDO DA VIDA AO TIRANO AMADEO CURT

Jose Angel Egido naceu en Redondela en 1951. Cunha dilatada carreira profesional, acadou a popularidade da man dun personaxe televisivo, Borja, o coordinador do centro de saúde da serie Médico de familia. Ten interpretadas numerosas películas ás ordes de destacados directores, como Rosa Rosae (Fernando Colomo, 1993), El amor perjudica seriamente la salud (Manuel Gómez Pereira, 1997), Cuando vuelvas a mi lado (Gracia Querejeta, 1999), Los lunes al sol (Fernando León de Aranoa, 2002) que lle fixo merecedor dun Premio Goya, Descongélate (Félix Sabroso e Dunia Ayuso, 2003), Los girasoles ciegos (Jose Luis Cuerda, 2008) pola que obtén a súa segunda nominación aos Goya; ou El mal ajeno (Daniel Sánchez Arévalo, 2010).

En televisión destaca a súa participación na telecomedia de TVG Pratos combinados, e colaboracións en series de éxito como Aquí no hay quien viva, Hospital Central, ou El Comisario.

Además, en TVE interpreta a nova tempada de 'Águila roja' dando vida ao malvado Cardenal Mendoza, un home manipulador e ambicioso que será capaz de todo para conseguir o que quere: chegar a ser Papa. Na serie Mar libre da vida a Amadeo Curt, un empresario sen escrúpulos que explota aos pescadores.

COLEGIO VIGO
CENTRO CONCERTADO Y HOMOLOGADO

SERVICIO DE MADRUGADORES
para Educación Infantil y Primaria

Centro Concertado

- Educación Infantil
- Educación Primaria
- ESO, ESA y EPA

- Bachillerato Científico-Tecnológico
- Bachillerato Humanidades

Prácticas en empresas
Cursos de Verano

Rande, A Formiga - Redondela.
Travesía de Vigo, 15 - Vigo

www.colegiogvigo.com

986 400 762 • 986 377 556 • 986 403 917

PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL

- Auxiliar de Comercio y Marketing
- Ayudante de Electrónica y Telecomunicaciones
- Ayudante de Mecánica y Electricidad del Automóvil

PREPARACIÓN de la PRUEBA de ACCESO a CICLO MEDIO

CICLOS FORMATIVOS de GRADO MEDIO

- Electromecánica de Vehículos
- Equipos Electrónicos de Consumo
- Comercio y Marketing



ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA

ATENDE A MÁIS DE 200 NENOS E MOZOS

Sita en San Martiño de Ventosela, en Redondela, atópase Aldeas Infantiles SOS de Galicia, unha das oito Aldeas en España da ONG Aldeas Infantiles SOS, organización humanitaria internacional que se dedica a acoller a nenos abandonados ou provenientes de familias desestruturadas, ofrecéndolles un fogar, unha familia e unha formación para que vivan un futuro cheo de oportunidades.

A misión da Organización é integrar social e familiarmente a estes nenos e mozos de forma eficaz e positiva, impulsando a súa autonomía e emancipación en igualdade de dereitos e obrigacións que o resto de mozos, conseguindo que sexan e sentan cidadáns válidos para a sociedade.

Fundada en 1975 por Rita Regojo, Aldeas Infantiles SOS de Galicia foi medrando en dispositivos e programas para atender as necesidades de nenos, mozos e familias, brindando axuda a día de hoxe a máis de 200 nenos e mozos en toda Galicia.

Na actualidade na Aldea de Redondela das trece edificacións existentes oito funcionan como Fogares SOS, nos que viven en cada un deles en torno a 4-7 nenos, xunto a unha nai SOS (educador responsable) e dous educadores de apoio. O funcionamento interno de cada Fogar SOS aseméllase considerablemente ao de calquera familia: rutinas de aseo, comidas, tarefas domésticas, horarios de estudo, asistencia a actividades extraescolares, etc.

A ALDEA DE REDONDELA BRINDA AGARIMO , UN FOGAR, EDUCACIÓN E FUTURO DESDE 1975

O resto de edificios da Aldea destínanse a biblioteca, sala de xogos, aulas de reforzo escolar, sala multiusos, oficinas e despachos. Un deles atópase en proxecto de remodelación para crear unha futura ludoteca e espazo para talleres e actividades diversas, outra das casas está habilitada por se fose precisa a súa utilización en diferentes situacións e unha última edificación é a vivenda do director.

A Aldea conta cunha ampla zona verde e unha frondosa arboleda. Ao longo deste espazo distribúense diferentes zonas de espaxamento, dous parques infantís, un nunha arboleda e outro nunha zona arenosa, unha pista de terra con canastras de baloncesto, un piñeiral con mesas e bancos de pedra e unha grellada na que se celebran comidas ao aire libre. No extremo oposto á entrada principal atópase un amplo campo que será utilizado como granxa nun futuro polos mozos e mozas da Aldea e os seus amigos.

Aldeas Infantiles SOS de Galicia conta con dúas Casas de Familia na cidade de Vigo, na rúa Esperanto, que funcionan como centro de acollida do mesmo xeito que os fogares da Aldea. Ademais, ten en funcionamento unha serie de



O estudante de medicina Hermann Gmeiner, de familia labrega e orfo funda con poucos cartos, e xunto a uns amigos, a asociación Aldeas Infantiles SOS para que os nenos poidan medrar nun entorno familiar.



Aldeas Infantiles SOS iniciou a súa labor fora de Europa coa construción dunha Aldea Infantil SOS en Corea do Sur, país marcado pola guerra.

programas que dan resposta a demandas sociais crecentes dentro da área da infancia, mocidade e familias en risco e así mesmo asume a atención dos nenos en acollida dos Fogares San Pelayo, que pechou as súas portas en 2009-

Conxuntamente coa Asociación nacional participa do financiamento de 14 Aldeas en Latinoamérica, e unha en África, responsabilizándose ademais do mantemento de diferentes dispositivos nesta parte do planeta como Programas de Fortalecemento Familiar, Programas de



En 1964 a organización estendeuse o continente americano. Hoxe Aldeas Infantiles SOS traballa activamente en 22 países do continente americano e nun total de 132 países e territorios de todo o mundo.

PROXECTO DE COLABORACIÓN COA RADIO DE REDONDELA.

Os nenos e nenas da Aldea Infantil realizan un programa de radio no que informan, debaten, fan entrevistas e ofrecen un consello educativo aos adultos.

Axuda a nenos entre 0 e 6 anos, Centros Sociais SOS, Centros Médicos, unha Escola de Primaria e Secundaria, etcétera.

ALDEAS NO MUNDO

A primeira Aldea Infantil SOS foi fundada en Austria por Hermann Gmeiner en 1949. Hoxe en día no mundo existen 473 Aldeas Infantiles SOS, repartidas en 132 países,

ademais de 1.424 dispositivos SOS, entre residencias xuvenís, colexios, hospitais e centros. O número total de nenos e mozos atendidos por Aldeas Infantís no mundo é de máis de 450.000 na actualidade.

Aldeas Infantiles SOS Internacional, a Federación de todas as Asociacións Nacionais de Aldeas Infantiles SOS, é membro da UNESCO e conta cun asesor permanente no Consello Económico e Social da ONU.

A NAI SOS

Todo neno acollido en Aldeas Infantiles SOS ten como referencia afectiva unha

nai SOS quen comparte as súas preocupacións, deberes e alegrías. É a responsable do Fogar e proporciona aos nenos, amor, amparo e confianza, sentimentos que todo neno precisa para un san desenvolvemento, xunto a unha sólida educación.

A nai SOS está presente nas súas vidas as 24 horas. Vive na mesma casa e responsabilízase de alimentar, coi-



Aldeas Infantiles SOS intensifica a nivel mundial a súa labor a favor de familias desfavorecidas ou que atravesan unha crisis. Na percura de asegurar que os nenos puidan permanezan coa súa familia de orixe.



CREAR FAMILIAS E FOGAR PARA OS NENOS QUE NON TEÑEN.

En Aldeas Infantiles SOS axudan a nenos orfos, abandonados ou cuxas familias non poden ocuparse deles, dándolles a oportunidade de crecer plenamente dentro dunha familia SOS. Para iso, forman as familias sobre catro alicerces básicos:

- Cada neno pertence a unha familia.
- Cada neno crece con amor, respecto e seguridade.
- Cada neno crece con respecto.
- Cada neno crece con seguridade.

dar e educar aos nenos, é dicir, de sacar a familia adiante. Para iso, tamén recibe a axuda doutros profesionais (psicólogos, traballadores sociais) co fin de non deixar ningún aspecto do coidado do neno desatendido.

E como unha nai é para toda a vida, as nais SOS tamén o son para os nenos que xa son maiores e alcanzaron a súa independencia. Porque as perciben como unha nai de verdade, sendo sempre a familia que lle apoiará o resto da súa vida.

OS IRMÁNS

As familias SOS componse da nai SOS e de 6 a 8 nenos. Nenos de distintas idades crecen xuntos para que os pequenos teñan irmáns maiores dos cales recibir agarimo e poidan aprender.

Estes irmáns convértese na familia dos nenos toda a súa vida. Ademais, os irmáns biolóxicos que chegan xuntos á Aldea, non son separados para poder crecer xuntos dentro dunha nova familia. E aínda que un dos irmáns,

FRUTERÍA PESCADERÍA LÁCTEOS PANADERÍA REFRIGERADOS CARNICERÍA CHARCUTERÍA DROGUERÍA
MASCOTAS HIGIENE PERSONAL LIMPIEZA FRUTERÍA PESCADERÍA LÁCTEOS PANADERÍA REFRIGERADOS



Calidad
al mejor precio

Froiz colabora con



XACOBEO 2010
Galicia

REDONDELA
Ernestina Otero, 16
986 40 81 32

FRUTERÍA PESCADERÍA LÁCTEOS PANADERÍA REFRIGERADOS CARNICERÍA CHARCUTERÍA DROGUERÍA
MASCOTAS HIGIENE PERSONAL LIMPIEZA FRUTERÍA PESCADERÍA LÁCTEOS PANADERÍA REFRIGERADOS



Dende finais dos anos oitenta Aldeas Infantiles SOS executou en diversas partes do mundo cerca de 100 programas de axuda de emerxencia.

biolóxico ou non, se vaia do fogar porque se independizou ou alcanzou a maioría de idade, Aldeas Infantiles SOS vela para que se sega mantendo un estreito contacto entre os membros da familia.

O FOGAR

Un fogar SOS ten a mesma vida cotiá que calquera outro fogar. Sendo a nai SOS a persoa de referencia da casa e a que se responsabiliza de sacalo adiante. Cada familia SOS



Para o 60º aniversario da primeira Aldea Infantil SOS (en Imst) contase con outras 499 máis ¡Un total de 500 Aldeas Infantiles SOS nas que se axuda a máis de 57.000 nenos!

vive na súa propia casa, que a familia pode organizar e equipar segundo as súas necesidades e desexos.

Os fogares de Aldeas Infantiles SOS son como a familia, para toda a vida. A partir do agarimo que reciben dentro das familias SOS, fívorécese o desenvolvemento dunha estreita relación tanto cos irmáns como coa nai SOS. E aínda cando os nenos crecen e se independizan, a familia segue unida.

A ALDEA INFANTIL SOS

Cada Aldea Infantil SOS está formada por unha media de 6 a 12 fogares familiares. É, despois da familia, a Comunidade Educativa máis grande á que pertence o neno, e ofrécelle a este a posibilidade de establecer, a un nivel máis amplo, contactos que promoven o seu desenvolvemento.

A Aldea é constituída como a ponte de integración dos nenos coa sociedade, vinculándoa en todos os aspectos á comunidade á que pertencen: o colexio, o deporte, as actividades culturais... Desta forma, foméntase a plena integración dos nenos na sociedade.

ACOMPÑAR AOS MOZOS ATA A SÚA INTEGRACIÓN

Aldeas Infantiles SOS crea un espazo dedicado á integración social e laboral dos mozos, sen deixar de lado o crecemento persoal e familiar.

Cando os nenos chegan á adolescencia convértese en pequenos adultos. E como tales deben ser tratados. Deixándolles planear o seu futuro, respectando as súas decisións, acompañándolles nos seus soños e creando o camiño adecuado por onde atoparán as oportunidades ata que alcancen a independencia económica.

A primeira elección, continuar estudando ou aprender un oficio, é un paso á madurez que leva consigo un cambio, pero non un cambio no estilo de vida. Os mozos seguen contando co apoio da súa familia para a súa inserción social e laboral. Para este cambio, a Asociación conta con diversas fórmulas de atención xuvenil: pisos compartidos, residencias xuvenís ou vivendas asistidas. E en caso de necesitar unha atención especial, con fins terapéuticos ou psicopedagóxicos, séguena recibindo.

En Aldeas Infantiles SOS, tamén lles proporcionan apoio e consello á hora de elixir a súa formación, pódolles en contacto co mundo laboral e cando é preciso, axudándolles con recursos económicos para que poidan desenvolver proxectos que lles sirvan de sustento.

PROGRAMAS DE PREVENCIÓN

Co obxectivo de evitar os casos de abandono de nenos, Aldeas Infantiles SOS traballa a través dos seus programas de prevención con familias que, por diferentes motivos, non poden atender con suficiencia aos seus nenos.

En España, os programas de prevención están integrados nos Centros de Programas Sociais que complementan o traballo das Aldeas Infantiles SOS e dan resposta a demandas sociais crecentes dentro da área da infancia, mocidade e

familias en risco: Centros de Día; Gardarías; Programas de Educador de Rúa; Programas de asesoramento a mozos que pasaron pola Organización; Centros de Primeira Acollida Valoración e Diagnóstico; Programas de Educador de Familias; Obradoiros Especiais de Emprego, etc.

A nivel internacional, os Programas de Fortalecemento Familiar de Aldeas Infantiles SOS teñen como obxectivo dar apoio a nenos e adultos para mellorar as súas condicións de vida e previr a desatención e o abandono dos menores. A través destes Programas, a Organización apoia a familias desfavorecidas en todo o mundo en estreita colaboración coas comunidades e organizacións locais.

Estes programas están orientados, segundo as rexións, a diferentes grupos. Algúns dos beneficiarios son, por exemplo: nais soas; familias afectadas por VIH/SIDA ou en situacións de precariedade económica, o que a miúdo leva problemas de dependencias, enfermidades e marxinación social.

ESCOLA NACIONAL DE FORMACIÓN

Aldeas Infantiles SOS considera a formación continua como unha ferramenta fundamental para que os profesionais da Organización adecuen os seus coñecementos e así poidan trasladalos ao seu traballo diario. Por este motivo, organiza cursos na súa Escola Nacional de Formación, polo que pasan polo menos unha vez ao ano, todos e cada un dos seus traballadores.

A Escola Nacional de Formación de Aldeas Infantiles SOS sitúase en Granada e alí, as nais SOS, educadores, directores e outros colectivos da Organización reciclan a súa formación para a eficacia e eficiencia no seu traballo con nenos e mozos, a través de cursos e xornadas específicas no ámbito da infancia.

TESTEMUÑO DUNHA NAI SOS- SINDA ARJONES 53 ANOS, 22 ANOS EXERCENDO COMO NAI SOS

“Entrei en contacto con Aldeas Infantís SOS Galicia en 1982 movida por unha inquietude social e sensibilidade cara aos menores. Parecíame descarnado separar a irmáns por problemas familiares ou que á maioría da idade os nenos quedasen desamparados, por iso Aldeas infantís pareceume un proxecto único. Atraeume o modo de traballar nunha contorna que favorece a integración do menor no seu ámbito, reproducindo un ambiente familiar cálido, sempre pensando nos nenos.

Fixenme cargo ao 100% dun grupo de 10 nenos (6 irmáns, 3 irmáns e un neno), con quen aínda hoxe manteño contacto. As 24 horas ao día durante 10 anos. Os lazos que se van creando cos nenos son moi fortes.

O importante é preparalos para afrontar a vida e que teñan afán de superación, que sexan persoas sas para afrontar a vida.

Os nenos están acollidos en función da Lei do Menor, sempre en contacto coas familias biolóxicas e coa Administración.

Ser nai SOS ten un custo, como todo nesta vida pero tíveno moi claro: merece a pena; foi dar e recibir; ensinar e aprender”.

SI YO BEBO

5000 NIÑOS
MUEREN AL DÍA
POR FALTA DE
AGUA POTABLE



ALDEAS
INFANTILES SOS

ELLA BEBE

FONTECELTA
DONA PARTE
DEL PRECIO A
ALDEAS INFANTILES


FONTECELTA

www.siyobeboelbebe.org



REDONDELA A VISTA DE VIADUCTOS

DÚAS OBRAS DE ENXEÑEIRÍA PARA O TRANSPORTE FERROVIARIO,
CONSTRUIDAS NO SÉCULO XIX, OS VIADUCTOS DE MADRID E DE PONTEVEDRA,
SON UNS DOS PRINCIPAIS SINAIS DE IDENTIDADE DE REDONDELA.

Símbolos da vila. No libro de historia “A corner of Spain”, escrito en 1910 por Walter Wood, hai unha eloxiosa referencia a Redondela, sobre a maxestuosidade da imaxe nocturna do conxunto da vila, obtida desde o alto dos seus viaductos. “Sería moi difícil pintar cousa máis bela e impresionante que a súa vista nocturna, tal como se aprecia dende calquera dos seus viaductos”.

Estes dous viadutos que presiden Redondela están declarados bens de interese cultural, mentres o viaducto de Madrid está en desuso, o de Pontevedra continúa operativo para o transporte ferroviario.

O máis antigo, o viaduto de Madrid, foi construído seguindo o modelo de Eiffel, por enxeñeiros da compañía gala Fives-Lille, con material traído desde Francia, combinado coa técnica da cantería tradicional para facer os piares de pedra. Caracterizado polas súas múltiples celosías de ferro ao longo dos seus 255 metros de lonxitude, entrou en funcionamento o 30 de xullo de 1876, formando parte da liña Vigo-Ourense. Este viaducto soportou o paso dos trens durante máis dun século, a pesares de que a Compañía de Ferrocarris nunca aprobou as obras. Isto provocou o suicidio dun dos seus mentores polo retraso dos pagos, que valéndose dos 411 metros de altura do viaducto, lanzouse ao vacío nun acto de desesperación.



Foi obxecto dunha intervención de restauración e mantemento en 2004 por parte da Consellería de Cultura, incluíndo a limpeza e saneamento da estrutura metálica e a toma de mostras para despois substituír as pezas cun alto grao de corrosión, protexendo elementos orixinais da ponte cun tratamento específico.

Pola súa singularidade e características técnicas, ten sido obxecto de diversos estudos, como o desenvolvido en 2004 por Jose Manuel Lago, alumno da Escola Universitaria de Técnicos Industriais de Vigo, que realizou o seu proxecto de fin de carreira sobre este viaducto, demostrando o gran rigor co que se realizou a construción polos profesionais da época. O proxecto tamén contempla a proposta para adicar a estrutura e o seu entorno a fins turísticos e de lecer, como senda verde peatonal e mirador da vila.

O viaduto de Pontevedra sobrevoa o casco urbán de Redondela e foi inaugurado o 30 de xullo de 1884, ante a necesidade de comunicar a liña Ourense-Vigo con Santiago. O seu tramo principal está formado por vanos metálicos, con cantaría granítica para os tramos de acceso.

Leva en activo un século e cuarto. A súa construción tiña por obxecto enlazar as cidades de Vigo e Santiago. Esta última contaba cunha liña ferroviaria inaugurada en 1873, que acababa en Vilagarcía, era o "Ferrocarril Compostelano da Infanta Dona Isabel" do que o pai de Valle Inclán era secretario do consello de administración e accionista. Posteriormente, cando se transformou na West Galician Railway Company, foi o seu xerente John Trulock, avó materno de Camilo José Cela.

A liña da West Galician acababa na estación de Redondela, onde conectaba coa de MZOV para chegar ata Vigo ou viaxar ata Madrid. Este viaducto servíu para salvar o último obstáculo na liña ferroviaria entre Redondela e Santiago, pertencente á West Galician Railway Company.





NOITES MÁXICAS DOS VIADUCTOS

Como cada verán, este ano o Concello de Redondela organiza as "Noites máxicas dos Viaductos", un programa que durante os meses de xullo e agosto ofrece diferentes propostas artísticas no municipio.

A programación comezou o día 7 de xullo co Encontro Folklórico Internacional, con actuacións de Ossetia, Galicia e Canarias. O día 10, Concerto Vía Stellae, o día 14, Día da Muíñeira. O venres, 16, Mostra Folklórica. O sábado, 17 de xullo, homenaxe a Suso Vaamonde, na praia de Arealonga, en Chapela.

E xa na última semana de xullo, a proposta pasa polos Encontros Musicais, previstos para o día 23, con actuación de A Quenlla, Raíces e Pandereteiras As Cacharelas, na praia de Arealonga; o día 30 proxección de curtametraxes en Redondela en Curto na Casa da Torre; e o día 31 Música Folk Na Virada, na mesma Casa da Torre.

A oferta das Noites Máxicas de agosto comezará o día 5 coa Compañía de Circo Acrobático de Pekín; o día 6 Festival de Folklore; o día 7 Concerto de Pop-changa; o día 14, teatro DMD coa obra Trufaldino, servidor de dos amos; o día 20, Concerto de hip-hop con Beatus Ille; e, por último, o Entroido de verán, o 21 de agosto.



21 DE AGOSTO, CITA CO ENTROIDO DE VERÁN

Todo está preparado para a divertida cita do Entroido de Verán que atrae a miles de visitantes a Redondela na penúltima fin de semana de agosto, con concurso de disfraces e comparsas. Este ano será o día 21 de agosto.

O epicentro da festa é a Praza da Constitución, onde conflúen os participantes disfrazados, nun ambiente amenizado por música de verbena e fogos artificiais.

A iniciativa empezou como unha ocorrencia dun grupo de hosteleiros da localidade hai algúns anos, para dinamizar o ambiente e o negocio da vila, e agora está xa consolidada como unha cita de referencia de tanto éxito, que mesmo é imitada por outras localidades de España.



AVENIDA ERNESTINA OTERO

O nome desta avenida rinde homenaxe á figura de Ernestina Otero Sestelo, unha muller pioneira no exercicio profesional na España de comezos do século XX.

Ernestina Otero naceu en Vilavella (Redondela) en 1890. Estudou Maxisterio en Pontevedra especializándose posteriormente en Ciencias e Pedagogía na Escola Superior de Maxisterio de Madrid, ata iniciar a súa carreira profesional en 1915 na Escola de Maxisterio de Pontevedra na cátedra de Pedagogía.

Pero ese curriculum, que hoxe sería visto con total normalidade, hai case un século era completamente excepcional, nun contexto histórico no que era practicamente unha rareza que unha muller tivese un papel profesional tan relevante. A brillante carreira de Ernestina levouna a ser a directora da Escola de Maxisterio de Pontevedra.

Amais da súa brillantez académica, destacou polo seu compromiso social, estando entre os seus méritos, a posta en práctica numerosas innovacións educativas como promover o roupeiro e o comedor escolar, a educación de adultos ou o fomento do estudio e investigación das características históricas, xeográficas e culturais de Galicia.

Despois, por motivos políticos, derivados do seu apoio ao Estatuto de Galicia, foi suspendida de emprego e soldo e posteriormente trasladada á Escola Normal de Ourense. En 1951 recuperou a súa cátedra en Pontevedra, exercendo o ensino ata o seu falecemento en 1956.

Para rendir homenaxe a súa figura, o Concello de Redondela adicoulle o nome dunha avenida en 1991.



Asesora dietética

Plan personalizado. Semanalmente te guía y apoya para alcanzar tus objetivos

Pauta Dietética

Saludable y equilibrada, exclusiva para ti.

Complementos Naturhouse

Elaborados a base de ingredientes naturales y legalmente registrados en la CEE. Ayudan a potenciar el efecto de la pauta dietética.

 **NATUR HOUSE** 
Expertos en reeducación alimentaria



Tu Centro Naturhouse
más cercano:

Av. Santa Mariña, 30
36800 REDONDELA
Pontevedra
986 40 28 75



CONCERTO DA BANDA INFANTIL DE MÚSICA DE REDONDELA

A banda de música infantil de Redondela, que dirixe Elisa Arias, directora do conservatorio Municipal Víctor Ureña de Redondela, ofreceu un concerto didáctico o pasado mes de xuño, para celebrar o final do curso.

Trátase dunha banda de música única en Galicia, pola xuventude e corta idade dos seus membros, que actuaron no Multiusos do Paseo da Xunqueira ante un numeroso auditorio de escolares dos colexios da área de Redondela. O concerto tiña como obxectivo achegar a música clásica aos escolares, cun carácter marcadamente didáctico, mostrando os sons dos distintos instrumentos de forma independente, seguindo o fio dunha historia que, ao final, desembocou na unión de todos nunha interpretación orquestral conxunta.

A Banda infantil do Conservatorio está formada por máis de 50 músicos, todos eles con idades comprendidas entre os 7 e os 14 anos.



BENXAMÍN A, CAMPIÓNS DE GALICIA

O equipo de Benxamíns do Redondela E.F.B. proclamouse Campións de Galicia na primeira categoría despois de disputar o pasado 27 de xuño a fase final fronte aos equipos campións de cada cidade galega. Tras unha dura fase de grupo na que quedaron en primeiro lugar, enfrentáronse na semifinal ao R. Ferrol ao que derrotaron na tanda de penaltis.

A final foi ante E.F. Calvo Sanz ao que gañaron por 3 a 2 nunha apaixonante final.



REDONDELA EN CURTO

A curta “The end”, do director madrileño Eduardo Chaperro-Jackson, gañou o premio do xurado da sexta edición do Festival de Curtametraxes “Redondela en Curto”. O premio do público foi para “La historia de siempre”, de José Montesinos. O festival celebrouse do 22 ao 25 de abril e nesta nova convocatoria incluíu unha sección para curtas alternativas, contando con máis de 2.000 participantes que consolidan o éxito do certame un ano máis.

O CONCELLEIRO DE CULTURA DE REDONDELA E OS ALCALDES DE PORRIÑO E MOS PERCORREN O CAMIÑO PORTUGUES COS VECIÑOS

O concelleiro de Cultura redondelán, Eduardo Reguera, o alcalde porriñés, Nelson Santos, e mail alcaldesa mosense, Nidia Arévalo, camiñaron o 3 de xullo desde Porriño a Redondela, xunto a máis de 120 veciños peregrinos, para promocionar e apoiar o Camiño Portugués. Tamén participou na camiñata unha representación das corporacións de Tui, Valença e Portas.

Na saída, en Porriño, Nelson Santos portaba o bastón do peregrino que entregou a Nidia Arévalo ao chegar a Mos e esta cedeuno a Eduardo Reguera no termo de Redondela.

O grupo de peregrinos percorreu o tramo de 16 kilómetros dos que consta a décima etapa desta iniciativa promocional que comezou o 8 de maio en Oporto, que remataron cunha comida en Redondela.



AGUA DE CALIDAD Y RESPETO AL MEDIO AMBIENTE



ANÁLISIS Y TRATAMIENTOS DE AGUA

- GÉRMENES
- SEDIMENTOS
- TURBIDEZ
- QUÍMICOS ORGÁNICOS
- QUÍMICOS INORGÁNICOS
- METALES PESADOS
- EXCESO DE CLORO
- ALGAS DE ESTANQUES

DISPENSACIÓN DE AGUA

- AGUA DEPURADA DE GRAN CALIDAD
- RENTABILIDAD ECONOMICA DEMOSTRADA
- BAJOS CONSUMOS DE ENERGÍA
- GRAN VARIEDAD DE MODELOS
- IDEAL PARA OFICINAS, HOSTELERÍA...

Augusto García Sánchez, 8. Pontevedra
Tel: 986 101 708
info@tecnatur.es



ALCALDES GALEGOS E LUSOS PROMOCIONAN O CAMIÑO PORTUGUÉS

Co obxectivo de promocionar o tramo coñecido como Camiño Portugués con motivo do Año Xacobeo e á iniciativa da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), un grupo de alcaldes galegos e do norte de Portugal realizaron unha etapa do mesmo cada sábado. En total, o grupo de peregrinos dos 27 concellos percorrerán 244 quilómetros, repartidos en 13 etapas que comezaron o 8 de maio en Oporto e agardan

rematar en Santiago de Compostela o 31 de xullo. Na xornada do sábado 10 de xullo percorrieron o tramo entre Redondela e Pontevedra o director de Administración Local, Norberto Uzal; o alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores; o alcalde de Soutomaior, Agustín Reguera; o concelleiro de Turismo e Cultura de Redondela, Eduardo Reguera; e o alcalde de Caldas de Reis, Juan Manuel Rey,

XXIV BANDEIRA DE REDONDELA

Amegrove Interriñas C.R. logrou o triunfo na XXIV Bandeira de Redondela, a terceira proba puntuable para a Liga Galega de Traíñas. A embarcación de O Grove, cun rexistro de 19:53:31, a máis de dez segundos de C.R. Chapela e a case 14 de S.D. Samertolameu, foi a clara dominadora da súa tanda, marcando xa diferenzas no primeiro longo.



REDONDELA EN BICI

Para os amantes das bicicletas e o desenvolvemento sostible, Redondela conta desde o pasado verán cun servizo municipal de préstamo de bicicletas. Hai cinco bases con bicicletas instaladas polo municipio: ao lado do Multiusos de A Xunqueira, xunto á piscina municipal, na Alameda de Chapela e nas praias de Arealonga e Cesantes.

Os interesados en utilizar este servizo deben inscribirse antes no Concello co seu DNI e un número de teléfono. Para facer uso do mesmo, os usuarios deberán realizar unha chamada a través do seu teléfono móbil indicando un "pin" e o número do vehículo que quere empregar, e en cuestión de segundos a bicicleta se desengancha da base para poder circular con ela. A bicicleta debe depositarse o mesmo día en algunha das bases, sen límite de horas.

MERCA EN REDONDELA

cesantes
autoescuela
www.autoescuelacesantes.com

con noscínos, el camión...
un juego de niños!

**ABIERTO EN
AGOSTO**



En Redondela: Avenida Embarque Orens 48 (frente a 36800 Redondela) (Punto de contacto: Tel: 986 404 240)
En Casademus: Avenida Embarque 1410, 36140 Casademus (Punto de contacto: Tel: 986 404 240)

AN'ANASHA

ARTÍCULOS SANITARIOS ORTOPÉDICOS
Y PARA EL BEBÉ
TRATAMIENTOS TERAPÉUTICOS


**C/PAI CRESPO Nº 48
36800 REDONDELA**

T: 986 40 12 40
PARAORTOPEDIA.AN.ANASHA@GMAIL.COM

O teu
anuncio
aquí

AXENDA

TEMPO LIBRE



Mostra de MÁQUINAS ABSURDAS do escultor Bernardo Seoane

Xullo e agosto

Enxeños do máis variado e imaxinativo pódense visitar ata finais de agosto no Multiusos obra do escultor Bernardo Seoane, quen nos advirte de que neste espacio "está prohibido non tocar". Máquinas de tortura, varios instrumentos de pedir, un exemplo do absurdo das guerras baixo o nome de Terminator e outros enxeños do máis variado conforman a mostra que estes días se pode visitar no Multiusos da Xunqueira baixo o título de "máquinas absurdas".

Tanxarina presenta o seu novo espectáculo "Trogloditas"

23 e 24 de Xullo

A compañía Tanxarina representará no XI Festival Internacional de Artistas de Rúa de Redondela o seu novo espectáculo, 'Trogloditas', cunha singular posta en escena, humor en estado puro, monicreques de vara e moito traballo actoral baixo a dirección de Evaristo Calvo.



Exposición permanente sobre as Festas da Coca no Edificio Multiusos de Redondela

Exposición da Festa da Coca e fotografías de diferentes autores da zona (Mundo Cal, Pelu Vidal, Landín, Miguel Núñez, Rafa Estévez...) sobre a celebración da nosa festa mais importante, nas que se reflexan os puntos álxidos da

mesma. Tamén se expoñen figuras que levan os traxes tradicionais utilizados nos diferentes actos de celebración desta festa dende o século XVI ata hoxe, un interesante traballo antropolóxico realizado pola redondelana Margot Araujo.



FESTAS

Vía Stellae- Festival de Música de Compostela e os seus Camiños (Redondela)

10 de xullo

Virxe do Carme (Redondela)

17 o 19 de xullo

X Festival Internacional de Artistas de Rúa (Redondela)

23 e 24 de xullo

Festa da Virxe da Peneda - O Viso (Santa María)

5 de agosto

Festa de San Mamede - Quintela (San Mamede)

7 de agosto

Romaría de Santa María - Reboreda (Santa María)

14 o 16 de agosto

Entroido do Verán (Redondela)

28 de agosto

VIII Noite da Lúa Meiga (Redondela)

6 de agosto

Festa do Mexillón (Redondela)

6 de agosto

Festa da Mazá (Redondela)

4 de outubro



A ORIXE DA FESTA DA COCA

“CONTA A LENDA QUE, FAI MOITOS SÉCULOS, VIVÍA CERCA DE REDONDELA UN DRAGO QUE DE VEZ EN CANDO CHEGABA Á VILA PARA LEVARSE A UNHA XOVE A SUA COVA. ASÍ O FIXO VARIAS VECES, ATA QUE OS XÓVES MARINEIROS ARMARONSE DE CORAXE E UN DÍA ACORDARON ENCARARSE Ó MONSTRUO. ASÍ O FIXERON E DESPOIS DUNHA DURA LOITA SALIRON VICTORIOSOS. XA VENCIDO O TRUXERON Ó POBO, Ó MESMO TEMPO QUE LIBERARON ÁS XÓVES QUE TIÑA NA COVA. FOI AQUÍ, EN REDONDELA, DESPOIS DE QUE O DRAGO DERA OS SEUS ÚLTIMOS SUSPIROS, CANDO OS VALIENTES XÓVES, COLLÉNDOSE AS ESPADAS UNS ÓS OUTROS, EMPEZARON A BAILAR ARREDOR DO DRAGO MORTO”.

A orixe desta manifestación perdese na noite dos tempos. Non cabe dubida que renace e se estende tal e como chegou ós nosos días na Edade Media, pois non se trata mais que dunha representación plástica do Demo, típicamente cristiana, de feito semellante a como se viña facendo é a escultura e pintura, tanto románicas como góticas.

Pero o loitar un Deus (ou un representante do mesmo) cunha serpe ou dragón é moi vello, tanto que xa existía nas relixións antigas.

A primeira denominación que temos documentada e a de "coquetriz" (Ourense 1437), que non é mais que un cocodrilo. No texto galego de Ourense non é mais que o dragón que iba na procesión do Corpus levado polos zapateiros. Non cabe dúbida pois, que o nome ven do latín cocatrix (cocodrilo), e que xa se atopa a mediados do século XV (1441) nun documento de Ourense tal e como se di agora : coqa e coqa.

Para lembrar esta lenda ancestral, tódolos anos, no desfile do Corpus Christi sácase á rúa a figura da Coca, e realízase a Danza das Espadas e o Baile das Penlas.

Esta tradición converteuse nunha festa que dura varios días nos que hai un amplo programa de espectáculos, concertos, exposicións e verbenas nocturnas. Tendo en conta os antecedentes, non sería de extrañar que esta representación diabólica fose coñecida dende moi antigo e que ó establecerse o Corpus empezasen a escenificala públicamente, o mesmo que outras historias e lendas relixiosas.



Panadería
Docería
Catering
Comidas Para Llevar

arelas

www.cateringarelas.com

Av. Sta Mariña, 24 Baixo
36800 Redondela

Tlf: 986.40.81.51 - 626.05.10.39
Email: info@cateringarelas.com

SERVIZOS E TELÉFONOS DE INTERESE



TRANSPORTES

Aeroporto de Peinador986 48 74 09
.....986 48 71 10
.....986 48 74 12
.....986 48 74 13

Estación de tren986 40 18 18
Taxi (Praza Ribadavia)986 40 00 91
Taxi (Paseo Xunqueira)986 40 05 01



SALUD

Ambulancias de Redondela . .986 40 23 23
Centro de Saúde986 40 07 00
Centro de Saúde Chapela . . .983 45 03 00



CULTURA

Biblioteca de Redondela986 40 15 61
Biblioteca de Chapela986 58 40 15
Casa da Cultura986 40 15 61



ORGANISMOS

Bombeiros de Vigo986 43 33 33
Concello986 40 03 00
Correos986 40 11 23
Emerxencias012
Garda Civil900 10 10 62
Pavillón de Chapela986 45 26 19

Pavillón de Redondela986 40 17 02
Piscina Municipal986 40 05 86
Policía Local986 40 26 10
Policía Nacional091
Protección Civil986 40 10 02
Xulgado986 40 80 12



PubliCity distribue esta publicación



**BUZONEOS
PARABRISEADOS
REPARTO EN MAN
PEGADA DE CARTEIS**

...e todo tipo de repartos

ORZAMENTO PERSONALIZADO



**Orzamentos en 24 h.
Reparto de periodicos e revistas.**

Telf. 625 85 50 58 - publicity.negreira@gmail.com

www.publicitygalicia.com

Concesionario
Oficial BMW
Premium Selection

Celtamotor



¿Te gusta conducir?



WWW.BMWPREMIUMSELECTION.ES

DISFRUTAR ES VIVIR CADA EXPERIENCIA COMO SI FUERA NUEVA

No importa cuántas veces recorras la carretera, si conduces un BMW cada viaje será siempre como el primero. Por eso, en BMW Premium Selección encontrarás una amplia selección de vehículos de ocasión certificados, no sólo para que empieces a disfrutar, sino para que nunca dejes de hacerlo.

BMW PREMIUM SELECTION VEHÍCULOS OCASIÓN CERTIFICADOS

BMW EfficientDynamics
Menor consumo. Mejores prestaciones.



- 24 meses de garantía
- Kilometraje garantizado
- Revisión gratuita a los 2.000 km
- Revisión técnica y óptica 360°
- Certificación externa del vehículo
- Posibilidad de cambio de vehículo
- Asistencia europea en carretera
- Paquete de mantenimiento BSI opcional
- Financiación a tu medida

BMW 116i tres puertas



Precio 20.800 euros
Kilometraje 0 km
Matriculación 03/2010

BMW 118d cinco puertas



Precio 19.900 euros
Kilometraje 23.213 km
Matriculación 12/2008

BMW 120d cinco puertas



Precio 15.900 euros
Kilometraje 95.000 km
Matriculación 03/2006

BMW 320d



Precio 25.900 euros
Kilometraje 43.823 km
Matriculación 03/2008

BMW 320d Touring



Precio 34.900 euros
Kilometraje 10.630 km
Matriculación 31/3/2009

BMW 335i Coupé



Precio 34.900 euros
Kilometraje 40.921 km
Matriculación 11/2006

BMW 520d



Precio 33.900 euros
Kilometraje 18.828 km
Matriculación 03/2009

BMW X3 20d



Precio 27.900 euros
Kilometraje 45.189 km
Matriculación 02/2007

Celtamotor

Ctra. de Camposancos, 115
(Ctra. de Bayona)
Tel.: 986 21 36 45
Vigo

Parque Empresarial Lalin 2000 Calle B-Parcela 45-57
Tel.: 986 78 75 99
Lalin - Pontevedra
www.bmwpremiumselection.es/celtamotor

Ctra. Nacional 640
Godos-Santa Catalina
Tel.: 986 56 55 87
Caldas de Reis